

CURSO

TRABALLO SOCIAL EN EXERCICIO LIBRE

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Introducción.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	4
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	5
7) Metodoloxía.....	5
8) Avaliación	6
9) Docencia	6

1.RESUMO DO CURSO



70 horas



10 sesións virtuais de 1,5h



Do 15 de outubro ao 15 de decembro de 2021



Colexiadas/os: 100€

1. INTRODUCCIÓN

Para poder desenvolver un exercicio profesional de calidade e con profesionais motivadas/os, é necesario seguir unha serie de pasos, un procedemento que abarca non só o aspecto puramente profesional e legal, senón que hai que adentrarse na necesidade e momento de cada profesional, o lugar onde vive e o eido de especialización.

Trala experiencia de máis de 8 anos en Exercicio Libre da profesión e traballando ambas docentes en temas relacionados coa disciplina profesional do traballo Social en diferentes Administracións e organizacións así coma no asesoramento a profesionais para exercer dentro do ámbito privado e despois de formar a colegas a nivel nacional e internacional (Chile, Perú, Ecuador, Arxentina, México, etc.), pode observarse a necesidade dunha formación diferente que inclúa tamén a experiencia, ademais dun rigoroso proceso de aprendizaxe en todo o relativo ao Emprendemento en exercicio libre.

A través dos diferentes asesoramentos practicados, pódese afirmar que non hai un procedemento único, senón que cada persoa necesita un diferente no que, sen dúbida, se plasma unha gran parte do proxecto persoal que se crea con ilusión pero sen experiencia nin traballo persoal previo, polo que necesita dunha **guía personalizada** na que se dote de autonomía, de traballo crítico e de olladas desde distintas perspectivas, cunha dose importante de creatividade.

2. OBXECTIVOS

- Xerar un punto de encontro de coñecemento e reflexión do Traballo Social en Exercicio Libre.
- Potenciar o valor do Emprendemento en Traballo Social e expor as posibles saídas profesionais.
- Coñecer desde a práctica, experiencias de emprendemento en Traballo Social, tanto a nivel nacional como internacional.
- Motivar e impulsar ao autoemprego posto que se detectou un importante descoñecemento do proceso de emprender.
- Atopar cal é a verdadeira motivación e orientar, acompañar e apoiar no proceso de emprendemento tanto a nivel individual coma colectivo entre as persoas participantes no curso.
- Dotar ás/aos profesionais de Traballo Social dos coñecementos necesarios para o correcto desempeño das súas funcións en diferentes áreas e/ou servizos.
- Dar a coñecer ás/aos profesionais de Traballo Social as ferramentas necesarias para elaborar proxectos de intervención nestes eidos laborais.
- Identificar os diferentes xacementos de emprego existentes no eido do Exercicio Libre.

3. CONTIDOS FORMATIVOS

Módulo 1. Introducción ao T.Social en Exercicio Libre.

Módulo 2. Motivación e expectativas. Traballo persoal.

Módulo 3. Código deontolóxico e ética profesional.

Módulo 4. Análise da realidade e eidos de intervención.

Módulo 5. Especialización e novos xacementos de emprego.

Módulo 6. Formas de constitución da empresa.

Módulo 7. Trámites legais.

Módulo 8. Prácticas online en empresa de Traballo Social en Exercicio Libre.

Módulo 9. Estudio de casos prácticos.

Módulo 10. Protección de datos.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

As persoas destinatarias da acción formativa serán as/os traballadoras/es sociais colexiadas/os e precolexiadas/os, interesadas/os na materia.

5. CALENDARIO

Do 15 de outubro ao 15 de decembro de 2021.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	15/10/2021	16.30-18.00h
Sesión 2	19/10/2021	16.30-18.00h
Sesión 3	26/10/2021	16.30-18.00h
Sesión 4	02/11/2021	16.30-18.00h
Sesión 5	09/11/2021	16.30-18.00h
Sesión 6	16/11/2021	16.30-18.00h
Sesión 7	23/11/2021	16.30-18.00h
Sesión 8	30/11/2021	16.30-18.00h
Sesión 9	07/12/2021	16.30-18.00h
Sesión 10	14/12/2021	16.30-18.00h

6. METODOLOXÍA

Combinarase a formación a través da consulta de materiais dispoñibles na plataforma de Moodle e Drive con **10 sesións virtuais grupais** a través de Zoom.

Adicionalmente, realizaranse **sesións individuais e personalizadas** para apoiar e acompañar no proceso de emprendemento que se irán definindo con cada alumno/a ao longo da formación.

7. AVALIACIÓN

Para poder acreditar mediante diploma a superación da acción formativa, será precisa a realización das tarefas propostas pola docencia, así como a asistencia ao 80% das sesións virtuais.

8. DOCENCIA

Ángela Montoya

Traballadora Social, Mestrado en Intervención Social e Técnico Superior en Integración Social, actualmente adicada ao exercizo libre.

Fundadora do **Gabinete Social, Psicológico e Xurídico MG**.

Perito social forense.

Coordinadora de Parentalidade.

Experta en Dó e Saúde Mental.

Traballadora social en diferentes asociacións coma o colectivo LGTBI Colega e a Federación Andaluza de Diversidade e Reinserción de mulleres prostituídas, Tamén traballou en Centros de Menores infractores. Experiencia docente no Plan de Formación Código Joven e en Prevención da Violencia de Xénero.

Asesora de Servizos Sociais Específicos na Deputación de Almería.

Coautora do libro *Mediación Penitenciaria; Alternativas para Solventar Conflictos no Eido Penitenciario*.

Loli Rodríguez

Traballadora Social, Perito Social Forense, Mediadora, Coordinadora de Parentalidade e Terapeuta Familiar Sistémica e experta en Dó.

Fundadora e directora da empresa **Gabinete de Traballo Social LR** desde 2013. Asesora, formadora, mentora de emprendedoras/es en Traballo Social.

Autora de artigos e coautora do capítulo *Ámbitos de intervención en Traballo Social*, do libro *Técnicas de diagnóstico, intervención e avaliación social* (UNED).

Experiencia de máis de 25 anos en diferentes eidos: infancia, institucións penitenciarias, psiquiatría, centros de saúde, dependencia e ONG, 8 deles dirixindo un centro de persoas maiores.

Na actualidade pertence á Comisión de Traballo Social Forense e de Exercicio Libre.

Desde 2015 preside a Asociación Nacional de Traballo Social en Exercicio Libre (ATSEL).

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



cotsgalicia

Coa cofinanciación de:



Deputación
DA CORUÑA